

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 2 de maio de 2013, aprobou a normativa de Traballos fin de Grao e Fin de Máster, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 7 de maio de dous mil trece, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor



Juan J. Casares Long



NORMATIVA DE MATRICULA, ELABORACIÓN E DEFENSA DOS TRABALLOS FIN DE GRAO E FIN DE MASTER NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Aprobado polo Consello de Goberno de 2 de maio de 2013

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro (modificado polo Real Decreto 861/2010), establece a regulación dos traballos de fin de grao e fin de master. Respecto do Traballo de Fin de grao (en adiante TFG), establece no art. 12.3 que "*estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo fin de Grao*", engadindo no apartado 7, que "*o traballo de fin de Grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título*". O citado Real Decreto non recolle disposición algunha sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía universitaria, deberá ser regulado por cada Universidade.

En relación ao Traballo de Fin de Master (en adiante TFM), sinala no art. 15 que "*2. Os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de máster universitario terán entre 60 e 120 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: materias obrigatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de máster, actividades de avaliación, e outras que resulten necesarias segundo as características propias de cada título.(.....)*

3. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de máster, que terá entre 6 e 30 créditos."

É polo tanto tarefa da Universidade desenvolver esta normativa recollendo criterios uniformes para todos os títulos oficiais de grao e máster.

A experiencia adquirida coa regulación prevista nas Resolucions Reitorais do 11 de decembro do 2009 e de 18 maio de 2010, e a necesidade de contemplar a próxima modificación do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior), incorporando no nivel 3 aos títulos de Graduado de al menos 300 créditos ECTS que comprendan 60 créditos ECTS de Nivel de Máster, fan aconsellable a revisión dalgúns aspectos, e unificar nun só documento a regulación xeral dos mesmos.

Non obstante, esta regulación poderá completarse a través das normas internas dos centros ou dos másteres coa finalidade de adaptala ás súas peculiaridades. Xa que logo, esta normativa supón un marco xenérico e suficientemente amplo para que cada centro poida, de selo caso, elaborar unha normativa propia que, baseada nestes preceptos básicos, responda ás súas propias especificidades.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno de 2 de maio de 2013, aprobou a seguinte *Normativa de matricula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de master na USC*.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.1. Esta resolución ten por obxecto a regulación dos traballos de fin de grao e dos traballos de fin de máster en titulacións adaptadas ao EEES e que outorguen títulos ao abeiro do Real Decreto 1393/2007. Esta normativa contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG e TFM que se establezan nos diferentes plans de estudo de Grao e Máster impartidos pola USC. Nos títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas, rexeráse tamén polo disposto na Orde que estableza os requisitos para a verificación do correspondente título.

1.2. Para os TFG, os centros ou as comisións académicas de grao, desenvolverán esta normativa para adecuala ás características propias de cada un dos títulos de Grao que organizan. En calquera caso, as normas que establezan os centros deberán ser aprobadas pola súa Xunta de Centro e polo Consello de Goberno da Universidade, previo informe da Asesoría Xurídica.

Para os TFM as comisións académicas deberán propoñer unha normativa propia que será informada pola Xunta do Centro ao que se adscriba o título, e aprobada polo Consello de Goberno, previo informe da Asesoría Xurídica da USC.

Artigo 2.- Natureza do traballo fin de grao e fin de máster.

2.1. Os traballos de fin de grao e máster consistirán na elaboración, por parte do alumnado, dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados nas titulacións de grao, e máster. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa.

2.2. Os TFG e TFM supoñen a realización por parte de cada estudante e de forma individual ou en grupo dun proxecto, memoria ou estudo orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores académicos, no que se integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante os estudos de Grao e Máster. O persoal docente da Universidade de Santiago de Compostela que sexa nomeado titor de TFG e TFM ten a obriga de asumir esta actividade de titorización conforme ao que se estableza na regulamentación de cada título.

2.3. Para o desenvolvemento en grupo do Traballo será preciso que o Centro ou o Máster teña prevista esta modalidade, fundamentalmente como proxecto coordinado, e que exista unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada

estudiante no resultado global. A cualificación e o título do traballo será sempre individual para cada estudante.

2.4. Os traballos deberán estar orientados á aplicación das competencias asociadas á titulación, a capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo, para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

2.5 Nas titulacións de Grao con nivel 3 de Máster no MECES a normativa elaborada polos centros contemplará as súas peculiaridades.

Artigo 3.- Órganos dos Centros encargados da xestión dos Traballos.

3.1. Para os TFG, cada Centro deberá designar unha comisión encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia “Traballo de Fin de Grao” e deberá designar un coordinador ou coordinadora da mesma para cada unha das titulacións impartidas no Centro.

A Comisión poderá ser nomeada de xeito específico ou ben poderase asignar este cometido a algunha das xa existentes no Centro, e entre as súas competencias estarán as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate;
- Establecer a convocatoria anual;
- Determinar os sistemas de titorización;
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación;
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo,
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor ou titora asignado;
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...) sempre que non estean fixadas pola normativa a que fai referencia o artigo 1.2 do presente Regulamento
- Aprobar os tribunais de avaliación;
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais
- Establecer as datas de presentación dos Traballos;
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia;
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende;

A Xunta de Centro aprobará a guía docente e os períodos de presentación dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico3.2. Para os traballos de fin de máster estas competencias corresponderán á comisión académica do máster.

Artigo 4.- Matrícula e convocatorias.

4.1. A matrícula do Traballos realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que estableza a Universidade, mediante o abono dos prezos públicos que correspondan conforme aos créditos que teña asignados.

A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendente de superar para completar os estudos de Grao e Máster, se é o caso.

Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos excluídos os correspondentes ao TFG

4.2. Os alumnos e alumnas de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios da USC.

4.3. Os TFG e TFM só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao ou Máster, salvo os correspondentes aos propios traballos.

O Centro, ou a Comisión Académica no caso dos máster, deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionarán todas as actas de exame das materias, o secretario/a do Centro solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos Traballos.

4.4. A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

4.5. Os centros ou as comisión académicas dos masters, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretarán as datas para a celebración das defensas dos Traballos nos intervalos temporais que fixe o calendario académico. Tamén deberán establecer as modalidades de presentación e defensa admitidas en cada caso, os indicadores de calidade e os instrumentos de seguimento.

Os traballos deberán presentarse nos períodos fixados polo calendario académico anual. No caso de máster ou Graos interuniversitarios, poderá autorizarse pola Secretaría Xeral outros períodos de presentación dos traballos

4.6. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro para os TFG e dúas para o TFM, e poderá contar con dúas

oportunidades por curso académico No caso de obter *non presentado* en todas as oportunidades, considerase consumida a convocatoria

No caso de que o alumno ou alumna non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria para a presentación do traballo no curso no que estea matriculado ou non obteña avaliación positiva, deberá formalizar nova matrícula e aboar os prezos correspondentes aos créditos nos cursos académicos seguintes. Para poder realizar unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

4.7. Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. O suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes dará dereito, se así o solicita, a renuncia da convocatoria.

Artigo 5.- Do titor/a docente, da súa asignación e da elección do tema do traballo.

5.1. Os TFG e TFM deberán ter un/unha titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo. Por razóns xustificadas e se a Comisión o estima oportuno, poderá designarse un cotitor, ou excepcionalmente dous cotitores.

O Centro, os Departamentos e as Comisións Académicas velarán pola dispoñibilidade de titores dos Traballo para cada curso, e a súa asignación aos estudantes matriculados antes do comezo do segundo cuadrimestre ou no primeiro, no caso de presentación na oportunidade de febreiro.

O titor ou titora será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que imparta docencia na propia titulación, e será PDI doutor no caso de masters de orientación investigadora.

Non obstante o anterior os Regulamentos de cada titulación poderán establecer outros requisitos para ser titores ampliando ou restrinxindo por razóns académicas o sinalado no parágrafo anterior.

O/A titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

5.2.- Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores profesores da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou ad honorem e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster

ou equivalente. Con carácter previo a realizar a cotitoría deberá comunicarse dita circunstancia á Vicerreitoría con competencias na materia ao través do Servizo correspondente indicando a dedicación dos titores e cotitores.

5.3.- Os traballos poderán desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións,. Nestes casos a matrícula realizarse na USC pero poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou Institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

5.4. O recoñecemento dos labores de titorización e avaliación de Traballos de Fin de Grao, e Traballos de Fin de Máster, farase nos termos previstos anualmente na Normativa de Programación Académica Anual da USC.

Artigo 6.- Tribunal de avaliación.

6.1. Os membros dos tribunais serán profesorado da titulación, que no caso dos masters con orientación investigadora deben ter o título de doutor. Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que estableza a Comisión do Centro ou a Comisión Académica do Máster, atendendo ao número de alumnos e alumnas matriculadas, á temática e ás modalidades dos diferentes Traballos.

6.2. Cada Tribunal estará formado por tres ou cinco membros e, polo menos, un suplente que substituirá ao membro ausente, conforme ao establecido no artigo anterior. Os titores dos traballos avaliados non poderán formar parte dos Tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

6.3. En cada Tribunal haberá un/unha Presidente/a e un/unha Secretario/a. De non existir outra previsión no propio Centro, utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o Presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo e a Secretaria/o, será o de menor categoría e máis novo. O/a Presidente/a e Secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións. Procurarase que a participación dos membros dos Tribunais sexa rotatoria.

6.4. O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo e ao cotitor/a, así como a profesores/as especializados/as na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto. Poderá constituírse un Tribunal único para a avaliación dos traballos da mesma convocatoria.

6.5. A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios da dirección ou decanato ou no taboleiro que fixe o Centro, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

6.6.No caso de títulos interuniversitarios a composición do Tribunal poderá modificarse en virtude dos acordos ou normativa do título.

Artigo 7.- Modalidades do Traballo de Fin de Grao, Fin de Máster

7.1. Os TFG e TFM requirirán sempre de presentación e defensa pública.

7.2. Na normativa que desenvolverán os Centros e as Comisións Académicas estableceranse as modalidades de presentación e defensa dos traballos, entre as que poden figurar a de exposición oral ante do tribunal; formato congreso, exposición de pósters, comunicacións, etc.; formato grupo; ou calquera outro que propoñan na normativa do centro sobre o TFG ou TFM.

Artigo 8.- Presentación e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster.

8.1. O alumnado deberá presentar o TFG na Secretaría do centro no que se atope matriculado e o TFM no lugar que sinale a Comisión correspondente. Os requisitos formais determinarase na normativa que desenvolvan os Centros ou as Comisións Académicas. A presentación do Traballo requirirá o informe previo e preceptivo de titorización.

8.2. A a presentación dos Traballos será realizada pola estudante ou o estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados polas respectivas Comisións, poderá realizarse a defensa polos medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

8.3. A realización, así como a presentación e defensa poderase efectuar en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do grao ou máster conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma, salvo que a titulación esixa a súa defensa noutra lingua.

8.5. En función da modalidade de presentación, cada Centro establecerá o tempo máximo do que o estudante disporá para a súa exposición ou defensa

Artigo 9.- Avaliación, cualificación e revisión.

9.1. A cualificación dos traballos realizarase conforme os criterios establecidos na guía da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e as transversais.

9.2. O tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e axustado ao disposto na memoria de verificación do título, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- 7,0 - 8,9: Notable (NT).
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. Naquelas titulacións nas que se constituíse o Tribunal Único en todas as convocatorias, será este Tribunal Único o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. No caso de existiren dous ou máis tribunais avaliadores, a atribución desta cualificación corresponderá realizala á Comisión do TFG ou á Comisión Académica do Máster, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

9.3. Non será posible a superación parcial ou dun menor número que os créditos asignados no plan de estudos para os traballos.

9.4. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

9.5. Ademais do réxime xeral de conservación de traballos, unha copia dos TFG e TFM en formato electrónico ou en papel quedará depositada no centro para usos docentes e de investigacións.

9.6. As Comisións competentes poderán propoñer a publicación dos TFG e TFM que destaquen pola súa calidade, e en especial propoñerose os dos alumnos que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os autores dos traballos propostos, co visto e praxe do titor, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC (*Minerva*), e no que declaren que se trata dun traballo orixinal e que non está,

en todo ou en parte, suxeito a restricións, tales como co-titularidade, dereitos de propiedade industrial ou cláusulas de confidencialidade con empresas.

Artigo 10.- Xestión das actas.

10.1.- Elaborarase unha acta individual por cada alumno/a e traballo e para cada oportunidade na que constará o titor académico ou cotitores, o Tribunal cualificador e o título de traballo defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa.

As actas estarán asinadas polos membros do Tribunal.

En caso de imposibilidade de asinar a acta dos TFG e TFM por algún dos membros que realizaron a avaliación, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral e asinará a acta o coordinador/a dos TFG ou o coordinador/a do máster (TFM) en calidade de coordinador/a. No caso de imposibilidade destes, substituiranse polo profesor ou profesora que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos farase constar a dita incidencia.

10.2. Os períodos de cobertura de actas serán os que se fixen no calendario académico oficial. Só nas titulacións interuniversitarias ou conxuntas e no caso dos Programas de *Erasmus Mundus*, poderán establecerse períodos diferentes de avaliación, en función dos acordos debidamente acreditados entre universidades ou do establecido nos correspondentes planos de estudos. Nestes casos deberase solicitar anualmente a correspondente autorización para a apertura das actas á Secretaría Xeral.

10.3. No caso de que no tribunal se incorporen profesores alleos á USC, as actas deberán ser asinadas no seu lugar polo coordinador ou coordinadora da USC, en calidade da tal.

10.4. O alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurarán na última convocatoria do curso nunha acta conxunta coa mención “non presentado” que deberá ser asinada no caso dos TFG, polo director/a do Centro ou coordinador/a dos TFG, e no caso dos TFM polo/a coordinador/a do máster. Nesta acta conxunta tamén se incorporarán as mencións de “matrícula de honra” conforme ao establecido no artigo anterior.

Artigo 11.- Dereitos do alumnado

A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao alumno/a que o realizou. No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Unha copia electrónica dos traballos superados quedará no Centro para o seu arquivo e consulta, e poderán ser utilizados na Universidade de Santiago de

Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica ós seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

Esta normativa entrará en vigor no Curso 2013-14 será de aplicación aos títulos regulados polo R.D. 1393/2007, modificado polo R.D. 861/2010. O contido desta normativa complétase co resto de regulamentacións e procedementos da USC que se atopen en vigor, entre outras, a Normativa sobre Permanencia nas titulacións de grao e máster, a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, o Regulamento da USC dos intercambios interuniversitarios de estudantes, e as Normas de planificación académica anual.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derrogadas cantas normas se opoñan á presente Resolución, en particular as Resolucións Reitorais de 11 de decembro de 2009 e de 18 de maio de 2010, así como ás normativas internas dos Centros e Máster, que deberán adaptarse no prazo de seis meses dende a aprobación deste acordo.